

mércores 29 de xuño de 2016**BOPPO núm. 123**

Ira sumario BOPPO

Tradución automática ó idioma castelán

Versión oficial asinada electronicamente

**ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
ESTRADA, A****Ordenanzas e Regulamentos*****APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA POLA OCUPACIÓN DOS LOCAIS
MUNICIPAIS DESTINADOS A VIVEIROS DE EMPRESAS DO CONCELLO DA ESTRADA***

Elevado a definitivo o acordo plenario do 5 de maio de 2016, de aprobación provisional do establecemento e da regulación da Taxa pola ocupación dos locais municipais destinados a viveiro de empresas do concello da Estrada, ao non terse presentado reclamacións durante o prazo anunciado no B.O.P. do 12 do mesmo mes, faise publico o texto íntegro da ordenanza correspondente, en cumprimento do disposto no artigo 17. 4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo R. Decreto Legislativo 2/2004.

**ORDENANZA FISCAL Nº 39
REGULADORA DA TAXA POLA OCUPACIÓN DOS LOCAIS MUNICIPAIS DESTINADOS A VIVEIRO DE
EMPRESAS DO CONCELLO DA ESTRADA****PREÁMBULO**

No uso das facultades concedidas polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 20 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, establécese a Taxa pola ocupación dos locais municipais destinados a viveiro de empresas do Concello da Estrada, de acordo coa regulación contida na presente ordenanza, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1º. Feito imponible

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial dos locais que o Concello da Estrada ten destinado a viveiro de empresas no edificio do Novo Mercado.

Artigo 2º. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, que teñan formalizado o correspondente contrato de cesión dos locais referidos no artigo primeiro.

Artigo 3º. Responsables

1. Responden solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire os artigos 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas físicas ou xurídicas ás que se refire o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 4º. Beneficios fiscais

Non se concederán nesta taxa outros beneficios tributarios que os previstos nas Leis ou se deriven da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 5º. Cota tributaria

A contía da taxa será de 50 euros por cada mes e local obxecto de utilización ou aproveitamento, con posibilidade de prorrateo por quincenas ao comezo e final do período da cesión.

Artigo 6º. Devengo

Prodúcese o devengo da taxa e nace a obriga de contribuír a partir do día seguinte á formalización do contrato de cesión de cada un dos locais do viveiro de empresas.

Artigo 7º. Normas de xestión

1. Con periodicidade mensual, o técnico encargado do viveiro de empresas formará unha lista cobratoria comprensiva das liquidacións practicadas, que será sometida á aprobación polo alcalde ou órgano que teña delegada a competencia.
2. Para unha xestión eficaz desta taxa, os suxeitos pasivos haberán de facilitar ao Concello a domiciliación do pagamento das súas cotas,
3. O pagamento farase efectivo dentro dos cinco primeiros días de cada mes.
4. As cotas liquidadas e non satisfeitas en período voluntario faranse efectivas polo procedemento de prema, de conformidade co previsto no Regulamento Xeral de Recadación.

Artigo 8º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ao disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

Artigo 9º. Aplicación supletoria

Para o non establecido nesta ordenanza será de aplicación supletoria o Regulamento de funcionamento interno do Viveiro de empresas da Estrada.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA


A presente ordenanza, aprobada definitivamente o 5 de maio de 2016, entrará en vigor e comezará a aplicarse a partir do día seguinte á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e manterase vixente ata a súa derogación ou modificación expresas.

A Estrada, a 20 de xuño de 2016.—O Alcalde, José C. López Campos.

[subir](#)

NOTA INFORMATIVA: O contido da versión HTML deste anuncio ten carácter meramente informativo e está dispoñible nesta páxina para comodidade do cidadán. O anuncio con validez legal é a versión PDF asinada electronicamente.

[Descargar anuncio en pdf](#)



Copyright © 2016. Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos | Aviso legal

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n - 36071 Pontevedra ES | +34 986 804 100 +34 986 804 124

